FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

COPA GALEGA DE WÁTER-POLO

Tempada 2011 - 2012. Circular 11-38.

Establécense as seguintes competicións:

COPA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA

COPA GALEGA ABSOLUTA FEMININA

1.- PARTICIPACIÓN.

1.1.- Inscrición aberta a todos os equipos pertencentes á FEGAN.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa (Licenza Deportista de Competición).

1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubes presenten unha relación de xogadores ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do DNI orixinal ou fotocopia compulsada do mesmo antes de cada encontro.

2.- INSCRICIÓNS.

2.1.- Os clubes deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 30 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubes que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos da copa galega.

3.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

3.1.- Sistema de KO para calquera número de inscritos (salvo que sexan 3), establecendo cabezas de serie segundo a clasificación da Liga Galega da tempada actual en caso de que finalice antes da celebración do sorteo da Copa, ou primeira volta se a liga non está rematada (no caso de equipos non inscritos na liga, ocuparán os últimos postos na asignación numérica para o sorteo). No caso de que non finalizase a liga nin na primeira volta, estableceranse as cabezas de serie segundo a clasificación da tempada anterior.

No caso de inscribirse só tres equipos, o sistema de competición será en formato liga (A-B; A-C; B-C)

3.2. Establecerase unha xornada preliminar (especificada na circular Sistemas de Competición Copa de Wáter-polo) de tal forma que á xornada final da Copa cheguen catro equipos para disputar semifinais e final.

3.3.- Presentación para os partidos: 30 minutos antes da hora fixada para o comezo dos partidos, a piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes. Os delegados de cada equipo, deberán entregar na secretaría da competición a relación de licenzas dos deportistas que van participar, así como as súas acreditacións de identidade, e que obrará en poder de devandita Secretaría até que os Árbitros do partido dean por finalizado o mesmo e as actuacións que consideren oportunas.

3.4.- Copa Galega Absoluta Feminina. Organizarase soamente no caso de que houbese equipos interesados na súa celebración inscribíndose directamente na FEGAN. A organización do xogo comunicaríase oportunamente. No caso de que non se celebre a Copa Galega Absoluta Feminina poderán participar xogadoras, sen límite de idade, na Copa Galega Absoluta Masculina.

3.- CALENDARIO E HORARIOS.

3.1.- A competición celebrarase nas datas previstas na circular do calendario de Wáter-polo para a presente tempada.

3.2.- O tempo de cortesía, por se houbese atraso dalgún dos participantes, será de 30 minutos contados a partir da hora de comezo sinalada.

3.3.- O sorteo celebrarase no campionato anterior. No caso de que sexa o primeiro campionato en disputarse, celebrarase dito sorteo na sede que a FEGAN considere oportuno.

FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

4.- OBRIGAS DOS EQUIPOS.

4.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

4.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

5.- TROFEOS.

5.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión e un trofeo-recordatorio aos demais equipos participantes e medallas aos compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos.

A Coruña, 8 de Xullo de 2011

Secretaría Xeral FEGAN